


## CARLA ANTONELLI



NACEU EN TENERIFE NO 1959. É UNHA ACTRIZ, POLÍTICA E RECOÑECIDA ACTIVISTA POLOS DEREITOS LGBTIQ+.  
FOI REPRESENTANTE DA ASAMBLEA NO PSOE E A ÚNICA MULLER TRANS EN ACCEDER A UN CARGO DE REPRESENTACIÓN PARLAMENTARIA EN ESPAÑA. DESTACA O SEU PAPEL NA CONSECUCIÓN DA LEI DE IDENTIDADE DE XÉNERO (2007).



## SAMANTHA FLORES


NACEU EN MÉXICO EN 1932. É ACTIVISTA, COMPROMETIDA CA LIBERTADE DA DIVERSIDADE SEXUAL E A DESESTIGMATIZACIÓN DAS PERSOAS CON VIH. FUNDOU O ALBERGUE "LAETUS VITAE" PARA PERSOAS ADULTAS MAIORES LGBTIQ+, UN COLECTIVO ESPECIALMENTE VULNERABLE, COA META DE CONVERTILO NA PRIMEIRA CASA DE DÍA GRATUITA DE MÉXICO.




## SARA COVAS



NACEU EN LUGO EN 2005. É A PRIMEIRA MENOR TRANS GALEGA EN VISIBILIZAR NOS MEDIOS DE COMUNICACIÓN DE GALICIA A REALIDADE TRANS INFANTO-XUVENIL. ENCABEZA UNHA XERACIÓN DE CRIANZAS TRANS DISPOSTA A FACERSE ESCOITAR, REIVINDICANDO O DEREITO A TOMAR DECISIÓNS SOBRE O SEU SER, VÁLIDAS AÍNDA SEN A CORROBORACIÓN ADULTA.



## LANA E LILLY WACHOWSKY



NACERON EN CHICAGO (EEUU) EN 1965 e 1967. AMBAS IRMÁS SON DIRECTORAS DE CINEMA, ESCRITORAS DE CÓMIC, GUIONISTAS E PRODUTORAS, NOMINADAS E GAÑADORAS DE MÚLTIPLES PREMIOS NO MUNDO CINEMATOGRAFICO. MOI COÑECIDAS POLA SÚA FAMOSA SAGA: "THE MATRIX", UNHA METÁFORA TRANS E REFERENTE NO XÉNERO DA CIENCIA FICCIÓN.



## DANIELA FERRÁNDEZ

NACEU EN PAÍS VALENCIÀ, EN 1988. LICENCIADA EN HISTORIA, É PROFESORA E ESCRITORA, FORTEMENTE COMPROMETIDA CA RECUPERACIÓN DA MEMORIA HISTÓRICA. PUBLICOU ARTIGOS CIENTÍFICOS, CAPÍTULOS DE LIBROS E PARTICIPOU EN MULTITUDE DE ENCONTROS E CONGRESOS ACADÉMICOS. ACTUALMENTE INVESTIGA A HISTORIA LGBTIQA+ NA GALIZA.

